



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE FEBREIRO DE 2014

LICENZAS

LIC/1769/2013.- INDITEX. Conceder licencia para construción dun hangar para o aloxamento de avións privados no Aeroporto de Lavacolla.

LEGALIZACIÓNS

LIC/687/2012.- CONCEPCIÓN BEIROA CABO.- Conceder licencia para legalización das obras de reforma executadas na vivenda unifamiliar sita en Lg. do Piñeiro do Eixo.

PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS

LIC/1409/2013.- CARMEN MÍGUEZ CAJADE.- Conceder a licencia de segregación en Lg. Ponte Romáño, 82.

RECURSO DE REPOSICIÓN

LIC/1319/2013.- JOSÉ LUIS TRINCADO ÁLVAREZ.- Estimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno da cidade do 25 de novembro de 2013 e concesión de prórroga da licencia concedida por acordo de 5 de outubro de 2010 para construción de vivenda unifamiliar na Rúa Campo do Forno, 42.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/388/2011.- UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. (CIDADE DA CULTURA II FASE)
263.000 €

LIC/98/2014.- JOSÉ CONSTENLA GESTOSO (construción vivenda unifamiliar) ... LIC/2162/2007 ... 2.000 €

LIC/99/2014.- JOSÉ CONSTENLA GESTOSO (gastos urbanización) ... LIC/2162/2007 ...
1.500 €

LIC/104/2014.- MARCOS IGLESIAS ROMERO (gastos urbanización) ... LIC/127/2011 ...
1.500 €

LIC/105/2014.- MARCOS IGLESIAS ROMERO (construción vivenda unifamiliar) ... LIC/127/2011 ...
1.500 €

5 a 34.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

35.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición.

Rexéitase o recurso.

36.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as exencións.

37.- Corrección de erros en acordos da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela.

Corríxese o erro.

38.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Emprego, Turismo e Mercados relativa á modificación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para reforma de locais de negocio e implantación de tecnoloxías da información e a comunicación (TICS) dentro do proxecto Urbana Santiago Norte.

Apróbase a modificación da base 12 "Xustificación das bases reguladoras da convocatoria de

subvencións para a reforma de locais de negocio e implantación de tecnoloxías da información e a comunicación dentro do proxecto Urbana Santiago Norte confinado pola UE a través dos fondos FEDER; e da base 8 "Prazo de presentación de solicitudes".

39.- Proposta do concelleiro delegado da Área de participación Cidadá relativa á solicitude de subvención para o programa "Rede Cultural da Deputación da Coruña. Ano 2014".

Propónse a participación do Concello de Santiago de Compostela na convocatoria para a participación na programación da rede cultural da Deputación da Coruña do ano 2014, publicada no BOP de 15 de novembro de 2013, cun custe total de 21.411,20 €, así como a solicitude de subvención polo importe de 8.564,48 €, correspondéndolle polo tanto ao Concello a achega de 12.846,72 € en concepto de aportación municipal.

40.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á aprobación da realización da exposición denominada: Iniciación á paisaxe contemporánea. Van Gogh, Braque e Szenes.

Como resultado do traballo realizado por un grupo de alumnos do bacharelato artístico do IES de Sar, queremos realizar unha exposición coas diferentes pezas artísticas resultantes, para visibilizar e dar a coñecer o bo traballo que estes mozos e mozas levaron a cabo durante o curso. No mesmo, pretendíase unha aproximación ao mundo da paisaxe contemporánea a través da obra de diferentes artistas de renome. Con tal motivo o martes, 11 de marzo, ás 19h. inaugúrase a exposición que terá lugar entre o 11 e o 31 de marzo e que leva por título "Iniciación á paisaxe contemporánea". O presuposto solicitado para o desenvolvemento desta exposición é de 1.343,10 €.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de persoal: Aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.

- MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADANA E TRÁFICO: Servizos realizados no mes de decembro de 2013.
- PARQUE MÓBIL: Servizos realizados no mes de decembro de 2013
- POLICÍA: Servizos realizados no mes de outubro de 2013
- PORTERÍA: Servizos realizados no mes de decembro de 2013
- PROTOCOLO E RR: Servizos realizados no mes de decembro de 2013
- SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS: Servizos realizados no mes de decembro de 2013

A contía total da compensación que se propón é de 35.593,08 euros que se desglosa como segue:

- Administración: 2.395,54 euros
- Bombeiros: 6.424,16 euros
- Policía: 26.761,38 euros

Á citada contía global haberá que engadirlle o custo de cotización á seguridade social, polo importe de 8.399,49 euros.

Tamén se propón o aboamento do plus de transporte do persoal funcionario e laboral do parque móbil e da brigada de vías e obras correspondente ó mes de decembro de 2013, por importe total de 725,44 euros.

2.- Proposta da concelleira delegada de persoal: Aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.

- DEPORTES: Servizos realizados nos meses de xuño e xullo de 2013.
- MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADANA E TRÁFICO: Servizos realizados no mes de xaneiro de 2014
- POLICÍA: Servizos realizados no mes de novembro de 2013
- PORTERÍA: Servizos realizados no mes de xaneiro 2014
- SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS: Servizos realizados no mes de xaneiro de 2014

A contía total da compensación que se propón é de 22.531,54 euros que se desglosa como segue:

- Administración: 2.443,44 euros
- Bombeiros: 745,80 euros
- Policía: 19.342,30 euros

Á citada contía global haberá que engadirlle o custo de cotización á seguridade social, polo importe de 5.317,44 euros.

Tamén se propón o aboamento do plus de transporte do persoal funcionario e laboral do parque móbil e da brigada de vías e obras correspondente ó mes de xaneiro de 2014, por importe total de 768,10 euros.

3.- Proposta da Xefa do Servicio de Xestión de Persoal.

Apróbase aboar ao persoal que se indica nos informes da Xefatura dos servizos da Policía Local e Bombeiros o importe de 90 euros por cada noite de noiteboa ou fin de ano prestadas no servizo, en concepto de gratificación extraordinaria única. A contía total da compensación que se propón é de 3.150 euros, que se desglosan en:

Bombeiros: 1.440 euros

Policía: 1.710 euros